

ACTA INICIAL DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE XEFE DE BRIGADA DAS BRIGADAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE RIANXO

Proceso selectivo: elaboración dunha listaxe de contratación temporal de XEFES DE BRIGADA.

No Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, ás 09:00 h do día 18/06/2015, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de XEFE DE BRIGADA segundo as bases aprobadas pola Xunta De Goberno Local do día 30/04/2015 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 321/2015, do 16 de xuño de 2015, coa seguinte composición:

Presidente: María José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Suplente: María Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)

Vocal: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades (II)

Suplente: Juan Carlos Rey Jueguen, operario de obras municipal (V)

Secretaria: Carolina Costoya Pardo, secretaria xeral municipal (A1)

Suplente: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

Asesores para as probas (só estarán presentes nas correspondentes probas):

Carlos Ces Ozores, enxeneiro en informática municipal (I) - proba física e proba de galego

José Manuel Moares Domínguez, operario de xardíns municipal (V) – probas físicas

José Miguel Castelo Collazo, animador deportivo municipal (III) – probas físicas

Bernardo Rial Lago, animador deportivo municipal (III) – probas físicas

A presidenta constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 13 de maio de 2015 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de elaboración da antedita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 19/05/2015.

Despois disto, ás nove horas e cinco minutos, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se realiza a dita proba. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as

aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta (exame e declaración responsable). Preséntanse 9 aspirantes.

Ás 09:10 horas iníciase o exame que remata ás 10:10 h.

Ás 12:30 h o Tribunal reúnese para facer as valoracións dos exames obténdose o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	Resultado	Puntuación
Allo Rama, José David	Supera a proba	11,60
Casal Suárez, Martín	Supera a proba	12,80
Domínguez Villanustre, Roberto	Supera a proba	18,00
Gómez Regenjo, Anxo	Supera a proba	18,40
Pérez Abeijón, Fernando	Supera a proba	12,80
Rodríguez Zarauza, Hugo	Supera a proba	14,00
Sánchez Carollo, Sergio	Non supera a proba	8,80
Santiago Montenegro, José Vicente	Supera a proba	15,60
Sieira Fernández, Gabriel	Non supera a proba	9,60

Logo disto publícase no taboleiro de anuncios, no sitio web e na Sede electrónica municipal a listaxe das persoas aspirantes que superan o exame e, xunto con esta listaxe, se lle indica o lugar e a hora á que teñen que presentarse para a realización da proba física.

O Tribunal reunirase de novo ás 10:00 horas do luns día 23/06/2015 no Campo de fútbol de Vilas (Asados) para realizar as probas físicas.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.